

Montevideo , 16 de febreiro de 1965.-

Emmo. e Rvdmo. doctor don Fernando Quiroga Palacios  
Cardenal - Arcebispo de Sant-lago de Compostela

Emmo. e Rvdmo. señort:

Na representazón de sesenta mil galegos e fillos

de galegos, membros das Istiutuzóns mais abaixo indicadas, e interpretan-  
do o sentir de moitos outros miles de galegos e dos seus descendentes  
que residen neste país, facemos chegar respetosamente a S.E.R. a nosa  
eispresión de profunda dor polo novo aldraxe espritoal de que é ouseto  
o sofrido Pobo Galego, ó sere descoñecido o seu dereito a que a súa  
lingua sexa empregada nas prácticas relixiosas da Eirexa na comunión cos  
seus fideles.-


Nós, que sabemos do grande amor que S.E.R. pro-

fesa a Terra que o veu nacer, pregámoslle que, tomando concencia da  
oufísima responsabilidade que neste intre lle cai, e rememorando as loi-  
tas de tantos ilustres devanceiros na Sede que hoxe tan diñamente rixe,  
interpoña toda a súa meirande influencia pra que o instrumento fundamen-  
tal da eispresión da ialma dun Pobo, cal é a súa lingua, non sexa unha  
vez mais sometido a presión disolvente.-


V.E.R. coñece dabondo, e mellor que nós, que

unha acción no sentido indicado contempra o esprito e a letra das Resolu-  
cións do Concilio Vaticano II; as novas correntes ideolóxicas da Eirexa  
e as normas que os Santos Pais Xan XXIII e Paulo VI estableceron nas  
súas Encíclicas.


Agardando se faga xusticia, aproveitamos a opor-  
tunidade pra eispresar a V.E.R. o noso meirande respecto e considerazón.-

  
CASA DE GALICIA  
Don Lorenzo Goenaga  
Segretario  
Don Luis Luna  
Presidente


  
CENTRO GALLEGO  
Don Antonio Serrano  
Segretario  
Don Antón Crestar  
Presidente

  
CENTRO C. D. CORUÑES  
Don Joaquín Rosende  
Segretario  
Don Federico Docampo  
Presidente

  
CENTRO LUCENSE  
Don Jesús del Río  
Segretario  
Don Eduardo Ramudo  
Presidente

  
CENTRO ORENSANO  
Don Eladio Alvarez  
Segretario  
Don Manuel Peláez  
Presidente

  
CENTRO PONTEVEDRES  
Don Manuel Nolasco  
Segretario  
Don Rogelio Barros  
Presidente




CLUB S.D. VALLE MIÑOR  
Don Domingo Givito  
Segretario

Venancio Moreira  
D. Venancio Moreira  
Presidente

ASOCIACION URUGUAYA DE HIJOS DE GALLEGOS  
Don Jorge Díaz  
PRO-Segretario  
Don Carlos A. Zubillaga  
Presidente



ALMA GALLEGA  
Don Enrique Casal  
Segretario  
Don José Andrade  
Presidente



HIJOS DE GALICIA  
Don Florentino Alonso  
Segretario  
Don Enrique Guerrero  
Presidente

CASA COMPOSTELANA  
Don Luis R. Pardinas  
Segretario  
Don Ramón Taboada  
Presidente




PATRONATO DA CULTURA GALEGA  
Don Juan G. Durán  
Segretario  
Dr. José Canela Freije  
Presidente



CENTRO ARNOYA DE MONTEVIDEO  
Don Manuel Martínez  
Segretario  
Don Teodoro Tizón  
Presidente

UNION HIJOS DE MORGADANES  
Don Manuel Gonda  
Segretario

Don José A. Marquez  
Presidente



CENTRO ORTEGANO  
Don Antonio Ventosinos  
Segretario

Don Severiano Martínez  
Presidente



CENTRO SAN MIGUEL DE OYA  
Don José Costa  
Segretario

Don Santos Jeremías Beltró  
Presidente



SUPLEMENTO DEL BOLETIN

GUIEIRO

AÑO I - N.º 1